

Resolución da Axencia Galega de Innovación, do 27 de marzo de 2020, pola que acorda manter a operatividade dos formularios normalizados correspondentes as axudas para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento, convocadas pola Resolución do 31 de decembro de 2019 (DOG 18 de febreiro de 2020), código de procedemento IN 607E

A resolución do 31 de decembro de 2019 (DOG 18 de febreiro de 2020) establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento, aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na Estratexia RIS3 de Galicia, cofinanciadas polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder) no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN607E).

Conforme ao establecido no artigo 9 das citadas bases o prazo de presentación de solicitudes remataba o pasado 18 de marzo.

De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, aplicable a todos os procedementos, suspéndense os termos e interrúmpense os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado Real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo no apartado 3 establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifieste a súa conformidade.

As axudas convocadas pola resolución do 31 de decembro de 2019, están cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, polo que conforme ao establecido no artigo 4.d) das correspondentes bases, as infraestruturas apoiadas deben cumprir os requisitos do artigo 6 do



Regulamento (UE) nº 651/2014 relativos ao efecto incentivador; esto cumprese se a solicitude da axuda se presenta antes do inicio da actividade.

Polo que antecede e con fin de que os posibles interesados poidan iniciar as xestións que lles permitan a adquisición das infraestruturas de investigación ligadas ao desenvolvemento das súas liñas de I+D+i e que estas non se vexan interrompidas ou que as ditas adquisicións non poidan ser financiadas, por non reunir o requisito do efecto incentivador, se fosen adquiridas antes de presentar a correspondente solicitude de axuda,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir os modelos de solicitude correspondentes ao procedemento IN607E, axudas para o fortalecemento dos centros de coñecemento, permitindo que os interesados, que así o desexen, poidan seguir presentando as súas solicitudes ata o 24 de abril, sen que isto supoña a continuación do procedemento.

Segundo.- De acordo co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, o cómputo dos prazos deste procedemento reanudarase no momento en que este ou, no seu caso, as súas prórrogas perdan vixencia.

Santiago de Compostela 27 de marzo de 2020

A directora de GAIN

Patricia Argerey Vilar

